JODI WALLACE, VETERINARIA EN ORMSTOWN VETERINARY HOSPITAL (QUÉBEC, CANADÁ)



"Aínda que unha granxa non alcanzase o ZeroZero, cada mellora que se consiga na saúde dos xatos é significativa"

A canadense Jodi Wallace centra boa parte do seu traballo na saúde dos xatos e na calidade do leite. Veterinaria e, ao mesmo tempo, gandeira de vacún de leite de sexta xeración, defende un enfoque baseado na prevención, nos protocolos, na análise de datos e na atención aos detalles. Nesta entrevista explica as claves do seu concepto ZeroZero: avanzar cara a cero enfermidades, cero tratamentos e cero perdas.

En que consiste o concepto "ZeroZero Calves" e que cambio de mentalidade require?

ZeroZero consiste en manexar os xatos co obxectivo de que haxa cero enfermidades, o que conduce a cero tratamentos e cero perdas. Trátase de facer dos xatos unha prioridade na granxa. Prestar atención aos detalles e ser constantes no seu manexo axudará a mellorar a súa saúde.

Acostumámonos como sector a aceptar enfermidades e mortalidade que en realidade se poden previr?

A diarrea e a pneumonía, por exemplo, son enfermidades que se poden previr. Creo que, como sector, podemos mellorar a saúde dos xatos. Sabemos o que causa estas enfermidades e deberiamos facer todo o posible para previlas. Quero retar o sector a facelo mellor. Non sexas un máis da media, sé mellor ca media. Mesmo aínda que unha granxa non alcanzase o ZeroZero, cada mellora que se consiga na saúde dos xatos é significativa.

"QUERO RETAR O SECTOR A FACELO MELLOR. NON SEXAS UN MÁIS DA MEDIA, SÉ MELLOR CA MEDIA"



Ademais de ser veterinaria no Ormstown Veterinary Hospital, Wallace tamén forma parte da granxa familiar Anderson Farms/Silverstream Holsteins en Howick (Quebec)

Os xatos sans proceden de vacas sas. Que aspectos do manexo das secas e do preparto teñen maior impacto?

Asegurarse de que as vacas secas estean libres de estrés é o que ten un maior impacto sobre a saúde do xato. Isto tradúcese nunha área de maternidade limpa, seca e confortable que manteña tranquilas as vacas. As secas necesitan espazo suficiente para deitarse, sitio no comedeiro, dispoñibilidade de auga e medidas para mitigar o estrés por calor. Estas prácticas axudan a manter a inxestión de materia seca e a reducir as enfermidades metabólicas posparto.

Seguimos pasando por alto o efecto do estrés por calor durante a xestación sobre a recría?

Gran parte das investigacións realizadas no pasado sobre o estrés por calor centráronse nas vacas secas e nas vacas en lactación. Creo que subestimamos os seus efectos. As investigacións demostraron agora que



o estrés por calor afecta polo menos a tres xeracións: a vaca seca, o seu xato no útero e os ovarios dese xato. Demostrouse que os xatos nacidos de nais que sufriron estrés por calor teñen máis probabilidades de sufrir un fallo na transferencia pasiva, unha redución da súa vida produtiva e unha menor produción de leite ao longo da súa vida. Todo iso ten importantes repercusións económicas para unha granxa.

Máis alá das catro regras do calostro, que erros observa con maior frecuencia?

O calostro é fundamental para a saúde e a supervivencia do xato, pero as calorías e o medio tamén son extremadamente importantes. Os xatos necesitan leite para crecer. A miúdo restrínxense as calorías subministrando pequenos volumes de leite. Isto non só reduce as taxas de crecemento, senón que tamén fai que o xato sexa máis susceptible ás enfermidades. O sistema inmunitario necesita calorías para desenvolverse.

O espazo tamén determina o seu éxito. Se a cama se acumula durante demasiado tempo, a calidade do aire á altura do xato deteriórase e aumenta o risco de enfermidades respiratorias. Ademais, os xatos exploran o seu redor coa lingua. Se está sucio, poden inxerir facilmente patóxenos, o que incrementa o risco de diarrea.

Defende que a segunda e a terceira toma tamén sexan de calostro ou leite de transición. Que beneficios achega?

Dar dúas ou tres tomas de calostro ou leite de transición é moi beneficioso para o xato e imita o que ocorre na natureza. A primeira toma é importante porque o intestino aínda está aberto e os anticorpos absórbense, permitindo a transferencia pasiva de inmunidade. Despois de 12-24 horas, esas aberturas péchanse.

Porén, o calostro contén moito máis ca anticorpos. O leite de transición mellora a inmunidade e a saúde intestinal, favorece o crecemento e o rendemento, ten unha elevada densidade de nutrientes e contén compostos bioactivos. Entre eles atópanse prebióticos, vitaminas, minerais e hormonas do crecemento, que aumentan a lonxitude das vilosidades intestinais e axudan a mellorar a absorción de nutrientes e o desenvolvemento do microbioma intestinal. Ademais, o seu maior contido en lactoferrina axuda a unirse aos patóxenos e evita a súa absorción. Estes beneficios son unha ferramenta valiosa para maximizar a saúde e o desenvolvemento do xato.

Tamén recomenda subministrar máis leite, ata arredor do 20 % do peso corporal. Como pode facerse de xeito seguro e eficaz?

Recomendamos subministrar a primeira toma de calostro nun volume equivalente ao 10 % do peso ao nacemento. Para mellorar as taxas de crecemento, despois necesitamos aumentar os volumes de leite ata un mínimo do 20 % do peso ao nacemento. Por exemplo, un xato de 40 kg debería recibir 4 litros de calostro nas primeiras horas de vida e, posteriormente, aumentar de maneira gradual o volume de leite ata un mínimo de 8 litros ao día en xatos holstein. Moitas granxas subministran 12 litros ou máis ao día, ou leite a libre disposición, antes do destete.

Hai determinadas condicións que deben cumprirse. En primeiro lugar, o leite ten que estar limpo. Deben tomarse mostras tal e como se subministra para realizar análises bacteriolóxicas e comprobar que contén un baixo número de bacterias e cero coliformes. Aumentar o volume non debería incrementar as taxas de diarrea; se o fai, os niveis de bacterias son demasiado elevados.

En segundo lugar, hai que aumentar o número de tomas e asegurarse de que o xato queda saciado. Pódese engadir unha terceira toma ou subministrar leite a libre disposición mediante unha nodriza automática. O leite debe administrarse mediante unha mamadeira de fluxo lento, o que reduce o desexo de realizar succión cruzada e aumenta a produción de saliva. A desteta debe facerse de

CADA XATO CONTA: UNHA FORMA DE ENTENDER A PRÁCTICA VETERINARIA



En 2023, Jodi Wallace recibiu o Premio ao Veterinario de Bovinos do Ano da American Association of Bovine Practitioners (Asociación Americana de Especialistas en Bovinos, AABP), o máximo recoñecemento que a entidade concede a un veterinario bovino en exercicio. O premio distingue profesionais implicados na medicina veterinaria organizada e que realizaron contribucións significativas á medicina bovina. Wallace foi, ademais, a primeira veterinaria de Quebec e a segunda muller en recibilo.

"Síntome moi honrada e agradecida por recibir este recoñecemento dos meus compañeiros", afirma. Para ela, o galardón reflicte a súa maneira de entender a profesión: "O noso papel non consiste simplemente en tratar enfermidades, senón en axudar ás granxas a mellorar o benestar, a saúde e o rendemento dos animais".

A súa perspectiva está marcada tamén pola súa condición de gandeira de vacún de leite. Esa experiencia, explica, permítelle comprender as realidades e os retos que supón introducir cambios nunha granxa e reforza unha idea que guía o seu traballo: "Cada xato conta. Unha vez que sabemos como facelo mellor, podemos facelo mellor".

Wallace considera por iso que unha parte importante do labor veterinario reside na transferencia de coñecemento e en ofrecer a gandeiros e veterinarios información práctica e baseada en evidencias que lles permita detectar oportunidades de mellora e levalas á práctica. Ese traballo vai máis alá da visita á granxa e inclúe asesoramento, desenvolvemento de protocolos, análise de datos, traballo en equipo e divulgación a través de seminarios e presentacións.

En última instancia, resume, o recoñecemento reforza o que cre que debería ser a práctica veterinaria: traballar conxuntamente cos gandeiros para previr problemas, mellorar de forma continua e contribuír ao éxito de cada granxa.



Wallace foi unha das relatoras estrela da última edición do Congreso Anembe de Medicina Bovina

"O NOSO PAPEL NON CONSISTE SIMPLEMENTE EN TRATAR ENFERMIDADES, SENÓN EN AXUDAR ÁS GRANXAS A MELLORAR O BENESTAR, A SAÚDE E O RENDEMENTO DOS ANIMAIS"

maneira gradual e o acceso á auga e ao alimento de iniciación é extremadamente importante para o éxito do programa de recría.

A hixiene é unha cuestión fundamental na recría. Onde se producen os principais fallos no manexo diario?

Moitas granxas teñen dificultades para manter limpos os utensilios utilizados para subministrar o leite, incluídos os equipos para administrar o calostro, os caldeiros, os biberóns e os equipos empregados diariamente. É importante seguir os principios básicos de limpeza: enxaugar o equipo con auga morna, non quente, para eliminar as graxas e as proteínas do leite. A auga quente simplemente fai que se adhiran ao recipiente, creando unha base para a formación dun biofilme. Despois, hai que lavar con auga quente e xabón ou deterxente, enxaugar e deixar secar ao aire. Nos sistemas de alimentación automática, non cambiar ou lavar as mamadeiras diariamente é unha das principais fontes de contaminación bacteriana.

Vostede tamén traballa en calidade do leite. Que ensinanzas poden trasladarse dese ámbito ao coidado dos xatos?

A calidade do leite e o coidado dos xatos están estreitamente relacionados. En ambos os ámbitos, os animais necesitan un ambiente limpo, seco, confortable e con pouco estrés para render ben. Os datos tamén son esenciais para avaliar a situación actual: se non o mides, non podes xestionalo.

Os rexistros de saúde dos xatos son fundamentais para avaliar as prácticas de manexo da granxa. Os catro piares do manexo do calostro, xunto cos episodios de enfermidade, as taxas de tratamento e as ganancias medias diarias, axudan a mostrar en que aspectos un programa de recría está tendo éxito e onde é necesario mellorar. Tamén é importante dispoñer de protocolos claramente establecidos para cada etapa do manexo co fin de mellorar e manter a saúde dos xatos.

Que adoita haber detrás de problemas evitables como a diarrea e a pneumonía?

O fallo da transferencia pasiva de inmunidade adoita ser a principal causa de enfermidade dos xatos na granxa. O manexo do calostro e das vacas secas constitúe a base de calquera programa de recría de xatos.

Para unha granxa que queira achegarse ao ZeroZero, cales deberían ser os primeiros pasos?

Non vos angustiedes e comezade polo básico. Centrádevos nos catro piares do manexo do calostro: calidade, cantidade, tempo e limpeza. Despois, identificade o problema da vosa granxa que está dificultando a saúde dos xatos. Entre os habituais atópanse a limpeza dos equipos de alimentación e dispoñer de suficiente espazo que estea limpo, seco e ben ventilado.

Poñede o foco tamén en dar máis leite limpo aos xatos para axudar a mellorar as taxas de crecemento. Traballade en equipo, contade con protocolos e introducide datos para poder facer un seguimento do voso programa de recría. Colaborade co voso veterinario para identificar áreas de mellora. ■